

Unha maneira de facer Europa

NOTA DE PRENSA

ESTATUTOS DO GRUPO DE PARTICIPACIÓN URBANA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

TÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Creación e denominación

Créase o Grupo de Participación Urbana do Concello de Pontevedra, coa finalidade, natureza, funcións, composición e estrutura que se establecen no presente acordo.

Artigo 2.- Finalidade e natureza

O Grupo de Participación Urbana configúrase como un órgano de consulta, participación e coordinación social da Estratexia “+ Modelo Urbano Pontevedra”, como un instrumento básico de participación dos axentes económicos e sociais para asesorar e transmitir opinións á Administración Local, co fin de fomentar o desenvolvemento económico e social sostible e integrado no seu ámbito territorial.

En particular, configúrase como un órgano de consulta, participación e coordinación social dos proxectos estratéxicos.

Artigo 3.- Ámbito territorial

O ámbito territorial do Grupo de Participación Urbana será o termo municipal do Concello de Pontevedra.

Artigo 4. Duración

A duración do Grupo de Participación Urbana será temporal, ata a finalización da Estratexia “+ Modelo Urbano Pontevedra”, sempre que non se especifique o contrario. Así mesmo, poderá manter a súa vixencia se se está a desenvolver unha nova planificación territorial ou na creación dunha axenda urbana para o municipio.

Artigo 5.- Funcións

O Grupo de Participación Urbana terá as seguintes funcións:

- Asesorar aos órganos do goberno da Estratexia.
- Aprobar as memorias/informes de execución, que se lle trasladen para o seu coñecemento.

Unha maneira de facer Europa

NOTA DE PRENSA

- Apoiar a comunicación social das activacións ao tecido asociativo, veciñal e social de Pontevedra.
- Velar polo cumprimento dos principios transversais da Estratexia, e en particular polo cumprimento da igualdade de oportunidades e non discriminación.
- Emitir informes e suxestións, relacionados co desenvolvemento da Estratexia que terán carácter consultivo e non vinculante para o Concello de Pontevedra.
- Contribuír e apoiar as xornadas técnicas que se decidan por parte do Concello.
- Crear as comisións técnicas de carácter específico que considere oportunas.
- Aquelas outras que se deriven da natureza do órgano para o desenvolvemento dos proxectos estratéxicos no municipio.

Artigo 6.- Dereito de participación e á información

A cidadanía terá dereito a participar de maneira activa no proceso de participación cidadá de Pontevedra previa solicitude.

Para elo, será informada das decisións que se adopten no seno do Grupo de Participación Urbana, así como das actividades e demais accións que sexan so seu interese.

Toda a información xerada no seo do Grupo estará dispoñible a través da web do Concello e na sede electrónica, onde a cidadanía terá acceso ás actas das reunións e informes e suxestións formuladas no Grupo.

TÍTULO II.- COMPOSICIÓN

Artigo 7.- Composición

1. Os membros ordinarios do Grupo de Participación Urbana serán os seguintes:
 - a.O Presidente que será o Alcalde ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.
 - b.Un representante de cada grupo político municipal.
 - c.Concelleiros da Corporación municipal con competencias nas liñas estratéxicas a implementar derivadas de proxectos estratéxicos.
 - d.Un representante designado polas Asociacións Empresariais existentes no Concello.
 - e.Un representante da Cámara de Comercio.

Unha maneira de facer Europa

NOTA DE PRENSA

- f. Un representante de cada unha das seguintes Administracións: da Subdelegación do Goberno, da Delegación Territorial da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra.
 - g. Un representante da Fundación Galicia Obra Social
 - h. Un representante da Universidade de Vigo do Campus Universitario de Pontevedra.
 - i. Un representante da Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra.
 - j. Un representante de cada unha das Centrais Sindicais mais representativas.
 - k. Un representante do sector da Economía Social.
 - l. Representantes de axentes sociais relacionados coa temática social, económica, medioambiental e territorial local.
 - m. Un Secretario Xeral.
2. A cidadanía poderán facer un seguimento de todas as actuacións a través dos canles de comunicación habilitados ao efecto e poderán asistir ás reunións do Grupo de Participación Urbana con voz pero sen voto.
 3. Durante a implementación da Estratexia poderán adherirse novas entidades por acordo do Comité de Dirección adoptado por maioría simple.

TÍTULO III.- FUNCIONAMENTO

Artigo 8.- Órganos do Grupo de participación Urbana

O Grupo de Participación Urbana, para o exercicio das súas funcións actuará a través dos seguintes órganos:



Artigo 9.- Comité de Dirección

a) O Comité de Dirección é o órgano supremo de decisión e de formación da vontade do Grupo de Participación Urbana.

Unha maneira de facer Europa

NOTA DE PRENSA

b) Estará integrado pola totalidade dos membros mencionados no artigo 7, segundo corresponda en cada caso, baixo a dirección do Presidente e asistido polo Secretario Xeral.

c) Todos os membros terán voto, agás o secretario que só terá voz. O voto dos membros será persoal e indelegable; recoñecéndose o dereito dos discrepantes a formular votos particulares, que deberán unirse á resolución correspondente.

d) O Comité de Dirección reunirase en sesión ordinaria, cando menos, semestralmente. Así mesmo poderá reunirse con carácter extraordinario por iniciativa do Presidente ou dun terzo dos seus membros.

As citadas sesións poderán asistir especialistas técnicos ou persoas competentes na materia cando se considere necesario, os cales participarán con voz máis sen voto.

e) Para a válida actuación do Comité de Dirección será necesaria a maioría absoluta, en primeira convocatoria, e a asistencia polo menos dun terzo dos seus membros en segunda convocatoria, sen contar o Presidente e o Secretario. En todo caso será necesaria a asistencia sempre do Presidente e do Secretario Xeral, ou de quen legalmente os substitúa.

f) O Comité de Dirección será o encargado de crear as Comisións Técnicas de participación reguladas no artigo 12.

g) Poderán formarse comisións de traballo que, por encargo do Comité de Dirección, desenvolvan un traballo específico que se considere necesario e informen ao Comité de Dirección do seu desenvolvemento e conclusións. Así mesmo, o comité de Dirección terá capacidade para a constitución de foros de participación e mesas de traballo se o considera oportuno.

Artigo 10.- O/A Presidente/a

O/A Presidente será o Alcalde-Presidente ou membro da Corporación Municipal en quen delegue.

Son funcións do Presidente/a:

- a) Dirixir as actuacións do Grupo e ostentar a súa representación.
- b) Convocar as sesións do Grupo, presididas e moderar o desenvolvemento dos debates.
- c) Elaborar a orde do día das sesións do Grupo.
- d) Ordenar a publicación dos acordos do Grupo.

Artigo 11.- O Secretario/a

Unha maneira de facer Europa

NOTA DE PRENSA

O/A Secretario/a recaerá no funcionario en quen delegue o Presidente, as súas funcións son as seguintes:

- a) Asistir, con voz pero sen voto, ás sesións do Grupo.
- b) Custodiar a documentación do Grupo.
- c) Expedir certificacións das actas, acordos e outros documentos confiados a súa custodia, co visto e praxe do Presidente.
- d) Estender as actas das sesións, autorizalas coa súa sinatura e visto e praxe do Presidente, e darlle curso aos acordos que se adopten.
- e) Cantas outras lle sexan atribuídas polo Grupo ou sexan inherentes a súa condición de Secretario.

Artigo 12.- Comisións Técnicas

1. O Grupo poderá contar con Comisións Técnicas específicas de participación en relación aos proxectos estratéxicos nos que teña competencia.

As Comisións Técnicas estarán presididas por un concelleiro/a do Concello competente na materia e por aquelas entidades que estean directamente relacionadas co ámbito territorial ou temático relacionado coa actuación en cuestión.

O obxectivo das Comisións Técnicas específicas poderá ser:

- a) Informar das diferentes actuacións a realizar.
- b) Recoller ás achegas no deseño e definición de actuacións.
- c) Valorar a execución e a opinión das actuacións realizadas.

2. Como mínimo o Comité de Dirección do Grupo constituirá dúas Comisións Técnicas coas funcións que se definen para cada unha delas:

- a) Comisión de Igualdade de Oportunidades, cuxa función será a de por en marcha un procedemento de avaliación específico en materia de igualdade de oportunidades, que remate coa elaboración dun informe de impacto da Estratexia sobre esta materia.
- b) Comisión de información e publicidade, que terá asignadas as seguintes funcións:
 - Velar polo cumprimento dos requisitos de información e publicidade establecidos na normativa europea de aplicación para proxectos que estean financiados por fondos europeos.
 - Supervisar a execución do plan de comunicación da Estratexia.

Artigo 13.- Adopción de acordos

Unha maneira de facer Europa

NOTA DE PRENSA

No proceso de toma de decisións dentro do Grupo de Participación Urbana deberá primarse o consenso como procedemento no proceso de adopción de decisións e neste senso, a Presidencia realizará cantos esforzos sexan necesarios para alcanzalo. Cando non sexa posible alcanzar o consenso, as decisións adoptáranse por maioría.

DISPOSICIÓN FINAL

En todo o non previsto no presente Regulamento estarase ao establecido para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector público.